

## DOMINGO IX ORDINARIO (A)

### PRIMEIRA LECTURA Dt 11, 18. 26-28. 32

Lectura do libro do Deuteronomio

Díxolle Moisés ó pobo: Constituíde estas palabras miñas coma obxecto das vosas intencións e do voso esforzo, atádeas ó voso pulso coma sinal, e póndeas entre os vosos ollos coma filacteria.

¡Olla! Eu poño diante de vós hoxe bendición e maldición: a bendición, se facedes caso dos mandamentos do Señor, voso Deus, que eu vos mando hoxe; e a maldición, se non facedes caso dos mandamentos do Señor, voso Deus, e vos apartades do camiño que eu vos mando hoxe, marchando tras de deuses estranxeiros que non coñeciad.

Estate atentos a cumprir tódolos mandamentos e decretos que eu vos poño diante hoxe.

### SALMO RESPONSORIAL Sal 30, 2-3a. 3bc-4. 17 e 25

R/. (3b): Sexas para min, Señor, a rocha que me defende.

Abrígame en ti, Señor,  
que endexamais me vexa defraudado.  
Inclínate cara a min,  
ven axiña librame.

Sexas para min a rocha que me defende,  
o forte castelo onde me salve.  
Xa que ti e-la miña fortaleza e o meu refuxio,  
por mor do teu nome diríxeme e guíame.

Fai brilla-lo teu rostro para o teu servo,  
sálvame, pola túa misericordia.  
Sede fortes e valentes  
os que esperades no Señor.

**SEGUNDA LECTURA** Rm 3, 21-25a. 28

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns: Agora, con total independencia da Lei, manifestouse a xustiza de Deus: a que atestaran a Lei e mailos Profetas.

Esta é a xustiza de Deus por medio da fe en Xesús Cristo, para todos e sobre tódolos que cren, porque non hai distinción ningunha: todos pecaron, e carecen da gloria de Deus.

Pero todos quedan xustificados polo don da súa gracia, mediante a redención que se dá en Cristo Xesús, a quen puxo Deus como propiciatorio no seu sangue pola fe.

Pois afirmamos que o home recibe a xustificación pola fe, con independencia das obras da Lei.

**EVANXEO** Mt 7, 21-27

Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - Non todo aquel que me di: "Señor, Señor", entrará no Reino dos Ceos, senón o que fai a vontade do Pai meu, que está nos ceos.

Moitos hanme dicir naquel día: "¡Señor! ¡Señor!, ¿non profetizamos no teu nome, non botámo-los demos fóra no teu nome, e no teu nome non fixemos moitos milagres?"

Eu entón heilles dicir abertamente: "¡Endexamais vos coñecín: arredádevos de min os que practicáde-lo mal!"

Así pois, todo aquel que escoita estas miñas palabras e as pon en práctica, será semellante a un home asisado, que edificou a súa casa sobre rocha. Caeu a chuvia, viñeron as riadas, sopraron os ventos e bateron na casa aquela, e non se derrubou, porque estaba asentada na rocha.

E todo aquel que escoita estas miñas palabras e non as pon en práctica, será semellante a un home atolado, que edificou a súa casa sobre area. Caeu a chuvia, viñeron as riadas, sopraron os ventos e bateron na casa aquela, e derrubouse, e foi total a súa ruína.